



Arredor da mestra...



Do ano 1926 data esta foto. Case cen anos pasaron desde que estas nenas, que hoxe serían máis que centenarias, se vivisen, posaron para o fotógrafo. Para moitas delas sería a primeira fotografía da súa vida debido a escaseza de cámaras e profesionais naquela época. Algunhas, de seguro, serán recoñecidas polos lectores como xa o fixemos nos, Memoria viva dunha época que xa é historia desta milenaria parroquia de Sela que se estende adormecida e custodiada polos Dragos.

Editorial

Tempo de cambio

Faise difícil manter a afición por algunha cousa cando o traballo que reporta *pro pane lucrando* e abondoso e abarca un horario moi longo. Por moito que se busquen ocios, se busquen alternativas ou se lle roube un chis a actividade económica principal é imposible manter o ritmo daquilo que, fora da rutina habitual, nos causa satisfacción. Este é o caso deste boletín *Seliña*, que despois de tantos anos vai ter que mudar a súa periodicidade para que siga existindo non ter que deixar de editalo. E, pois, tempo de cambio para subsistir e manter unha publicación que xa se consolidou como tal.

Pois ben, a partir de vindeiro número, a publicación pasará a ter unha periodicidade semestral, en vez da trimestral coa que viña editándose ata o de agora, excepto os derradeiros números, que saíron con catro páxinas motivados pola cuestión que andamos a tratar. Procuraremos, na medida do posible, pasar das vinte as vinte e catro páxinas, e, tamén, editar unha serie de números monográficos así como continuar coa publicación de artigos, recensións e colaboracións, que neste e noutros medios, se levan insertando sobre a figura literaria que lle dame: Evaristo de Sela. Tentaremos de recoller a bibliografía máis ampla posible sobre o traductor e poeta, feito que xa comezamos nun número do pasado ano.

Polos motivos expostos non queda outra que cambiar, que mudar para manterse e dar continuidade a este proxecto que comezou fai anos e que desde o 2011 se leva mantendo cunha periodicidade trimestral. Encher de contidos a publicación non é fácil e moito menos cano son poucas as persoas coas que se contan para esta tarefa, da que nos sentimos orgullosos como se dun fillo aventaxado se tratase.

Pois ben, esperando que esta nova etapa iguale e, se é posible, mellore os contidos do que nos precede, poñémonos mans a obra coa mesma ilusión do primeiro día, pero aceptando unha realidade que é a que é, e polo tanto ineludible; os compromisos do traballo son primeiro que a actividade lúdica e festiva e so cando aqueles deixen tempo, poder continuar con estes para poder ofrecer un contido de certa calidade e tratar temas de interés xeral

E así, con renovada ilusión e coa chama do cariño a esta publicación só nos atrevemos a dicir:

Mil primaveiras mási para o Seliña!!!



Letras galegas 2022: Florencio Delgado Gurriarán



O homenaxeado nesta edición do día das letras Galegas 2022, **Florencio Delgado Gurriarán** naceu na aldea de Córghomo, no concello de Vilamartín de Valdeorras o día 27 de agosto de 1903 nunha familia acaomodada adicado a viña e a actividades industriais. Por parte de nai de procedencia vasco navarra, residiu uns poucos anos na aldea natal, ata que por asuntos de traballo, a familia tivo que se desprazar a diferentes cidades: Ourense, Palencia, Valladolid,, e nesta última foi donde Florencio cursou os estudos de Dereito entre 1918 e 1924. Nesta estadia en terras de Castela comezou o seu fervor galeguista ó interesarse polas Irmandades da Fala e accede a lectura de *A Nosa Terra*, a publicación galeguista por excelencia naqueles anos.

En 1928 retorna o seu Córghomo natal para establecerse como abogado, traballando en diferentes bufetes do Barco de Valdeo-

rras. E nesta época cando empeza a escribir e a publicar poesía en diferentes medios galegos e manifesta as inqedanzas culturais participando e promocionando actos, asociación, festas e manifestacións a prol de levar ó seu Córghomo natal diferentes actividades artísticas e culturais que transformen unha sociedade pouco menos que analfabeta noutra comprometida co saber.

Neses anos 30 comprométese co galeguismo afiliándose o Partido Galeguista e mantendo e creando o comité de Valdeorras. Establece unha fonda amizade con Otero Pedrayo da aue se conserva un gran epistolario.

En 1934 coñece a Castealo en Potevedra e acompaña a este e a Alexandre Bóveda no tren entre Monforte o Barco no desterro ó que foron sometidos polas autoridades republicanas. Tamén en 1934, expande o partido por todo Valdeorras e publica o seu primeiro libro de poemas, *Bebedeira*.

Co comezo da guerra civil aconséllalle que se vaia de Córghomo pois a súa abundante actividade galeguista e cultural era tida en conta polos sublevados como perigosa para os

intereses fascistas. Despois de pasar por Portugal e embarcar no Porto cara Burdeos, pasa a Barcelona, que seguía fiel as autoridades republicanas. Ata o final de guerra en 1939 ocupa diversos postos civís e militares ata que xa perdida a contenda convertese no o encargado desde Francia de fletar un barco para levar os exiliados españois camiño de México.

No pais norteamericano ocupa diversos traballos e ocupase tamén de manter vivo o galeguismo na diápora, e dirixe, coordina e colabora en diversas publicacións como *Vieiros e Saudade*.

En 1963 aparece o seu segundo peomario *Galicía Infinda*. A este sígueno *Cantarenas*, (1981), e, *O sono do guieiro*, (1986).

Faleceu en Fair Oaks (California) o 14 de maio de 1987.



Ahí ven o Maio

Florencio Delgado Gurriarán

Ahí ven o Maio pola porta do xardín,
ahí ven o Maio a enterrar ao pai Abril.

(O Maio garrido cansiño de chorar,
enxoitou o seu pranto con panos de luar).

Ahí ven o Maio pola porta da campía,
ahí ven o maio, galán da cotovía.

(O Maio garrido tiña un cambai brunedo,
o sol esfarrapóullo cos seus dourados dedos).

Ahí ven o Maio pola porta da debesa,
ahí ven o Maio cos seus brincos de cireixas.

(O Maio garrido anda a bebelos ventos
pola terra, rapaza de doces arrecendos).

Ahí ven o Maio pola porta do soutelo,
ahí ven o Maio co seu colete amárelo.

(O Maio garrido, nos intres de vagar
co mestre rouxiñol adeprende a cantar).

Ahí veo o maio pola porta do valado,
ahí ven o Maio co seu traxiño branco.

(O Maio garrido, para saudar o vrán,
pon luvas de etiqueta con frores de San Xoan.

Ahí ven o Maio. ¡Ábrelle as portas, moza.
que trai, para gorentarte, caraveles e rosas!

Ali ven o Maio,
Maiño, Maiolo,
na verde camisa
botois de amerodos;
monteira frorida,
a roupa das festas;
e un caraveliño
por riba da orella,
pieites de silveiras
pieitanlle o cabelo,
anda a namorare
coma un mozo cedo.

-Delgado Gurriarán, Florencio M. (1981)
Cantarenas. Poemas, 1934-1980
(Bebedeira, Valdeorresas, Dionisias) (A
Coruña: Edicións do Castro)

